




MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS MAIO-DECEMBRO 2025
MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

XOVES 22 DE MAIO
19.00 H

ANTÓN REIXA

ESCRITOR E MÚSICO

«Maruja Mallo: metade anxo, metade marisco»

Proxección do documental homónimo e coloquio

XOVES 12 DE XUÑO
19.00 H

CARME VIDAL

XORNALISTA

«Maruja Mallo: a súa conexión

permanente con Galicia»

MÉRCORES 8 DE OUTUBRO
19.00 H

CARMEN GAITÁN

CIENTÍFICA TITULAR NO INSTITUTO DE HISTORIA DO CSIC

«Imaxinarios transatlánticos.

Maruja Mallo e o nadal como motivo artístico»

MÉRCORES 12 DE NOVEMBRO
19.00 H

PATRICIA MOLINS

HISTORIADORA DA ARTE. MUSEO REINA SOFÍA

Comisaria da exposición «Maruja Mallo: Máscara y compás»

presentada en 2025 no Centro Botín de Santander

e no Museo Reina Sofía

«Os mares de Maruja Mallo»

MÉRCORES 3 DE DECEMBRO
19.00 H


JOSÉ LUIS FERRIS

ESCRITOR E BIÓGRAFO DE MARUJA MALLO

«Mortal e deusa. As 14 almas de Maruja Mallo»



XUNTA
DE GALICIA



MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

«Maruja Mallo é o principal monumento da cidade do Landro».

Isaac Díaz Pardo

«Maruja Mallo. De Galicia ás vangardas do século XX», é un ciclo de conferencias que terá lugar no Museo de Belas Artes da Coruña, con motivo do 30 aniversario do falecemento da pintora viveirense, a máis singular da Xeración do 27, que rompeu moldes.

Con vontade de renderlle homenaxe e recuperar a súa memoria, desde o Museo de Belas Artes da Coruña propoñemos unha programación con especialistas no universo creativo dunha das pintoras máis relevantes da historia do século XX. Unha cartografía dos lugares que habitou, traballou e exhibiu o seu talento.


Maruja Mallo, unha artista cegador, vital e creativa, posúe unha traxectoria marcada indefectiblemente polo devir histórico e social da súa época. Os cambios políticos, a efervescencia das vangardas e, sobre todo, a guerra civil española que provocou o seu exilio, moldearon a súa carreira.

A artista permaneceu oculta e esquecida e coa chegada da democracia a súa obra comezou a emerxer con gran forza e poder, chegando a ser considerada pola crítica como unha artista total á altura dos innovadores máis singulares da pintura española e europea.

Durante cinco sesións mergullarémonos nalgúns dos aspectos máis importantes da súa traxectoria, a súa pintura e a súa relación con Galicia. Coa mirada posta en «Maruja Mallo: Máscara y compás», a gran exposición que se celebra este ano no Centro Botín en Santander e no Museo Reina Sofía de Madrid, o Museo Belas Artes da Coruña será o escenario que acolla, entre os meses de maio e decembro, estes encontros abertos ao público.



XUNTA
DE GALICIA



MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS

DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS

MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES

DA CORUÑA


ANA MARÍA MANUELA ISABEL JOSEFA GÓMEZ GONZÁLEZ, MARUJA MALLO

(Viveiro, 1902- Madrid, 1995)

Nace en Galicia, onde viviu o seu primeiros cinco anos. Importantísima etapa na que se enmarca a primeira mirada ao mundo, que seguimos habitando durante toda a nosa vida. A súa obra posúe esa mirada profundamente galega, é unha creadora referencial cunha personalidade ampla e poliédrica, capaz de utilizar maxistralmente distintos rexistros multidisciplinares: pintora, ceramista, escenógrafa, muralista, diseñadora, decoradora, teórica da arte e innovadora universalista, con obras escritas tan significativas como *Lo popular en la plástica española a través de mi obra, 1928-1936*, e o monográfico intitulada *Maruja Mallo*, publicada pola editorial Losada en 1942.

Mallo seguíu unha constante evolución desde a súa formación académica iniciada na Escola de Artes e Oficios de Avilés e continuada na antiga Escola de Pintura, Escultura e Gravado de Madrid (actualmente Real Academia de Bellas Artes de San Fernando), onde coincidiu con Salvador Dalí, Alfonso Ponce de León, Carmen Ramos, Margarita Manso, Remedios Varo e pasou por distintas etapas, desde o realismo máxico das festivas e cromáticas verbenas populares ás estampas deportivas, cinemáticas, de máquinas e maniquís, ate o particular surrealismo de cloacas e campanarios para desembocar da man do seu mestre Torres García na etapa construtiva e simbolista. Os anos de tránsito desde a ditadura primorriverista ata a proclamación da II República foron para ela tempos de aprendizaxe e de constante traballo artístico influenciado polas vangardas e as distintas relacións que mantivo con algúns membros da Xeración do 27 e da Residencia de Estudiantes.

Amiga de figuras tan destacadas como Salvador Dalí, Federico García Lorca, Luis Buñuel, María Zambrano ou Concha Méndez; única muller do



MARUJA MALLO


DE GALICIA ÁS VANGARDAS
DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS
MAIO-DECEMBRO 2025
MUSEO DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

grupo de Vallecas e cuxa relación sentimental con Rafael Alberti foi moi importante para ambos, así como a súa amizade con Miguel Hernández; enérxica, brillante, libre e transgresora, cun temible sentido do humor e chea de atractivo, entre 1922 e 1936 asombrou e escandalizou á sociedade do seu tempo, aínda que ninguén discutía a calidade da súa obra.

A súa primeira exposición, en 1928, xa a lanza completamente; os intelectuais e artistas quedan fascinados coa súa obra. Despois do gran éxito alcanzado nas tres grandes exposicións na Revista de Occidente, a Galería Pierre de París desempeñou un papel fundamental na súa carreira. En 1932, Mallo viaxa a París e presenta a súa primeira exposición individual nesta galería, marcando o inicio da súa etapa surrealista. Durante a súa estancia en París, establece relacións con figuras craves do surrealismo, como André Breton, quen adquiriu a súa obra *Espantallo* (1929), considerada unha das pezas máis representativas do movemento. Ademais, presentou a série «Cloacas e campanarios», caracterizada polo seu simbolismo urbano e onírico. O Museo de Arte Moderna de París comproulle unha obra e alí coñeceu a René Magritte, Max Ernst, Joan Miró e Giorgio de Chirico, entre outros. O súa posterior fuxida a Arxentina, provocada pola guerra civil española, como en tantos outros casos, provocou unha profunda greta na súa vida e na súa produción. A Como exiliada a Buenos Aires continuaría co seu compromiso político a favor da liberdade e a democracia ampliando a súa produción a través das series «Relixión do traballo», «Os retratos bidimensionais raciais», «As máscaras», «As naturezas vivas», «Os moradores do baleiro» e «Os viaxeiros do éter», esta última de marcado cariz esotérico. En América, acentuou o seu carácter viaxeiro e cosmopolita, expoñendo en Arxentina, Chile, Uruguai, Brasil e Nova York. É evidente que o exilio foi un desastre para ela, segou a súa carreira e aínda que despois conseguiu reconstruíla, en España a súa proxección tería sido moi superior, sen ningunha dúbida.

Maruja Mallo regresou ao noso país en 1962, tras vinte e cinco anos fóra. Recibiu a Medalla de Ouro ao merito das Belas Artes (1982) e a Medalla de Galicia en 1991. Na última época da súa carreira, foi reivindicada por toda a modernidade e pertence xa á Historia Universal da Arte.




MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS
DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS

MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



ANTÓN REIXA

Licenciado en Filoloxía galega. Moi activo no mundo da poesía desde finais dos anos 70 co Grupo de Comunicación Poética Rompente (*Silabario da turbina, A dama que fala, As ladillas do travesti* e, en 2021, *Que hostia din os rumorosos?*). En solitario publicou os poemarios: *Ringo Rango, Escarnio, Látego de algas, Algo raro pasa raro* e *Outlet*. En narrativa; *Transporte de superficie* e *Michigan/Acaso Michigan*.

Cantante e letrista de Os Resentidos e *Nación Reixa*. As súas letras están recollidas no libro *Viva Galicia beibe*. Como produtor e director audiovisual, especialmente relevantes a serie *Mareas vivas* e o filme *O lapis do carpinteiro*. En teatro escribiu textos para grupo Artello, Teatro do Morcego e a compañía suíza L'Alakran. Escribiu e actuou en *After Shave. Melancoholemia* é o seu texto teatral máis recente, publicado en Editorial Kalandraka. Él mesmo interpreta a versión monólogo.

En 2021 foille concedida polo Goberno Español a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes.


XOVES 22 DE MAIO | 19.00 H

**«Maruja Mallo: metade anxo,
metade marisco»**

Proxección do documental homónimo
e coloquio



XUNTA
DE GALICIA



MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS
DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS

MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



CARME VIDAL

Licenciada en Ciencias da Comunicación (Xornalismo) e Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e mestrado Literatura, Cultura e Diversidade da Universidade da Coruña co TFM *Mulleres coa vida escrita*.


Como xornalista traballou en cabeceiras como *A Nosa Terra*, *O Correo Galego* e *Sermos Galiza*. Foi asesora da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (2004-2009) e responsabel de comunicación da Vicepresidencia da Deputación da Coruña desde 2015 a 2021. Na actualidade é membro do Consello de Administración da CRTVG.

Colaborou co proxecto *Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra*, co *Álbum de Mulleres* do Consello da Cultura Galega con entradas biográficas de Pepa Noia, M^a Luz Morales, Syra Alonso ou Mercedes Núñez e cos volumes colectivos *Xornalistas con opinión* (Consello da Cultura Galega e Editorial Galaxia) co traballo «M^a Luz Morales, a grande dama do xornalismo».

É autora da biografía de Maruxa Mallo e elaborou estudos biográficos introductorios aos libros *Cárcere de ventas*, de Mercedes Núñez e *Diarios* de Syra Alonso, na colección Mulleres de A Nosa Terra.

Recentemente asinou xunto con Pablo Iglésias Nuñez e a ilustradora Belén Diz o álbum *Triángulo vermello* (Colección Pequena Memoria, Xerais) que recolle a vida de Mercedes Núñez.

XOVES 12 DE XUÑO | 19.00 H
**«Maruja Mallo: a súa conexión
permanente con Galicia»**



MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS
DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS

MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



CARMEN GAITÁN

É científica titular no Departamento de Historia da Arte e Patrimonio do Instituto de Historia do CSIC. Actualmente é investigadora principal do proxecto de investigación «Facedoras de Cultura. Conexións e intercambios artísticos transatlánticos no século XX» (pidPID2022-142633OA-I00). Tamén é directora de «Cultura, Arte e Xénero. Seminario permanente de investigación para outras historias posibles».

Doutora en Historia Contemporánea pola UCM, é autora de *As artistas do exilio republicano español. O refuxio latinoamericano* (Cátedra, 2019) e a edición crítica dos diarios de Manuela Ballester (Renacimiento, 2021) e coeditora das memorias de Victorina Durán (Residencia de Estudiantes, 2018).

Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Málaga, Titulada Superior de Música (especialidade Piano) polo Conservatorio Superior de Música de Málaga e Titulada Profesional de Música (especialidade Crave) polo Centro Integrado de Ensinos Musicais Federico Moreno Torroba, desenvolve as súas liñas de investigación en torno á arte contemporánea, os estudos de xénero, as relacións con América Latina e a interdisciplinariade das artes.

Ten co-comisariado as exposicións «Al bias. As artistas e o deseño na vangarda española» e «Manuela Ballester. Pintar fronte a todo». Ademais é codirectora de *Enclaves. Revista de Literatura, Música e Artes Escénicas* e secretaria do Arquivo Español de Arte.

MÉRCORES 8 DE OUTUBRO | 19.00 H

**«Imaxinarios transatlánticos.
Maruja Mallo e o nadal como
motivo artístico»**



XUNTA
DE GALICIA



MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS
DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS

MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



PATRICIA MOLINS


Patricia Molins é historiadora da arte. É comisaria da exposición «Maruja Mallo: Máscara y compás» presentada en 2025 no Centro Botín de Santander e no Museo Reina Sofía de Madrid, en cuxo Departamento de Exposicións traballa. Trátase da máis ampla retrospectiva da artista ata a data, polas obras e a documentación de arquivo que presenta.

Interesada pola arte das mulleres, especialmente na súa deriva performativa, ten comisariado exposicións como «Salomé, un mito contemporáneo» no Museo Reina Sofía. Editora do número dedicado a Museos e feminismo da revista da UNED *Espazo, Tempo e Forma* (2020). É autora do texto «La heterogeneidad como estrategia de afirmació: la construcción de una mirada femenina antes y después de la guerra civil» no que revisa as achegas iconográficas que Maruja Mallo, coas que a artista constrúe un imaxinario radicalmente novo e, paradoxalmente, popular á vez. Ese paradoxo e o exilio dificultaron a recolocación da artista tras o seu regreso a España.

MÉRCORES 12 DE NOVIEMBRE | 19.00 H
«Os mares de Maruja Mallo»



XUNTA
DE GALICIA



MARUJA MALLO

DE GALICIA ÁS VANGARDAS
DO SÉCULO XX

CICLO DE CONFERENCIAS

MAIO-DECEMBRO 2025

MUSEO DE BELAS ARTES

DA CORUÑA



JOSÉ LUIS FERRIS

José Luis Ferris é Doutor en Literatura Española.

Publicou os poemarios *Piélago* (1985), *Cetro de cal* (accésit do Premio Adonais 1984), *Niebla firme* (1989) e *El animal que habito* (2022), así como as novelas *Bajarás al reino de la tierra* (Premio Azorín 1999), *El amor y la nada* (2000) e *El sueño de Whitman* (Premio Málaga de Novela 2009).

É autor dunha decena de libros infantís e, en calidade de ensaísta, ten publicado catro obras de referencia: *Miguel Hernández. Pasiones, cárcel y muerte de un poeta* (2022), *Maruja Mallo. La gran transgresora del 27* (2004), *Carmen Conde. Vida, pasión y verso de una escritora olvidada* (2007), *Palabras contra el olvido. Vida y obra de María Teresa León* (Premio Antonio Domínguez Ortiz de Biografías 2017) e *Mujeres del 27. Antología poética* (2022). Obtivo o Premio da Crítica da Comunidade Valenciana en tres modalidades: Poesía, Ensaio e Novela. Dedícase á docencia universitaria (Universidade Miguel Hernández de Elche), á creación e a investigación literarias. Desde 2018 é director da Cátedra Institucional Miguel Hernández.

MÉRCORES 3 DE DECEMBRO | 19.00 H

«Mortal e deusa.

As 14 almas de Maruja Mallo»



XUNTA
DE GALICIA